



C/ Ribeira, 15
36800 **REDONDELA** (Pontevedra)
Tel. 986 409 960 - Fax 986 409 964



Peluquería Mixta

Begoña Villaverde

CITA PREVIA

T. 986 40 05 65
Meixón Frío, 31 - REDONDELA (Pontevedra)



**Café - Bar
CENTRAL**

Tapas variadas
Vinos del País
Albariño y Condado

C/ Xoan Manuel Pereira, 4 • **REDONDELA**
Tel. 986 40 12 91 • Móvil 607 970 446

ESTACIONAMIENTO REDONDELA S.A.

**PARKING
A XUNQUEIRA**



TARIFA POR
MINUTOS

ABERTO AS
24 HORAS



Grupo
Loureiro & Sanmartín, S.L.

Paseo da Xunqueira, s/n - 36800 REDONDELA • Teléfono 986 40 30 53



Fimauto, S.L.

SERVICIO
OFICIAL
OPEL



Tela. Oficina: 888 400 450 - 886 400 672 • QUINTELA - REDONDELA



**RODRÍGUEZ
Y TOUCEDO**

Construcciones - Excavaciones


R.Toucedo 678 418 678
R.Rodríguez 678 418 677
D.Toucedo 678 418 679

rodrigueztoucedo@gmail.com



XXVI Festa do Choco

12 e 13 de maio 2012



REDONDELA



XXVI Festa do Choco

12 e 13 de maio 2012



Deputación
Pontevedra



Concello de
Redondela
Concellería de Cultura

Saúda do Alcalde

O CHOCO E AS SÚAS ALIANZAS

Para chocos, Redondela. O dito popular é máis cá unha frase feita que, con moita fortuna, ten contribuído a reforzar a denominación de orixe, este produto extraído da enseada poética de San Simón. A festa que anualmente vimos celebrando para a divulgación das súas propiedades culinarias débenos animar a seguir na procura de medidas legais que o protexan e lle confiran personalidade de seu. Só así poderemos referirnos a este produto polas súas excelencias, que non son outras que as características excepcionais do seu hábitat natural.

A pesca é un sector estratéxico das rías galegas. Abastecemos os mercados interiores e exteriores cos mellores produtos extraídos das nosas augas marítimas. Pero cómpre afrontar as competencias propias dos mercados da globalización; abordar esa inevitable competitividade con alianzas co sector agroalimentario. Unha boa imaxe do choco criado na nosa enseada precisa apoiarse noutros produtos de calidade para conseguirmos unha oferta culinaria atractiva. É certo que a festa do choco ten acertado de cheo con propostas imaxinativas para as variadas condimentacións que se poden preparar con el. Pero non debemos esquecer que formamos parte dun todo. E ese todo é Galicia, unha terra farturenta en produtos naturais que hoxe están acadando prestixio nos mercados. Por iso debemos apoiarnos mutuamente e irmos da man con outros recursos do País que acadaron o prestixio que lles deron os mercados.

A festa do choco debe ser innovadora, un espazo aberto para experimentarmos alianzas estratéxicas con outros sectores que nos complementen e lle dean pulo á nosa economía do mar. O viño, os queixos e outros produtos que hoxe gozan de prestixio son demandados por consumidores con gustos exquisitos. Fagamos maridaxe con eles, e eles connosco para facer máis atractiva a oferta e dinamizarmos a economía local e galega. Velaí está a interdependencia que nos ten que obrigar a buscar aliados para que o choco abra novos mercados e ao seu socairo innovar a oferta. As sinerxias exitosas do sector vinícola, por exemplo, poden sernos de moita utilidade. Aproveitemos as circunstancias que nos ofrecen eses sectores para tirarlle partido ao choco, un produto con grandes posibilidades culinarias.

Javier Bas Corugeira
Alcalde do Concello de Redondela

XXVI Concurso Gastronómico

BASES

1. Poderán concursar todas as persoas e hostaleiros do municipio.
2. Os pratos culinarios e mais as empanadas deberán ser elaborados con produtos de calidade.
3. Cada prato ou empanada deberá ir acompañada dunha ficha na que figuren os distintos elementos utilizados na súa preparación.
4. Establécense as seguintes distincións:
 - 1º. Á mellor receita creativa do choco.
 - 2º. Chocos cocinados na súa tinta e variantes.
 - 3º. Chocos cocinados con arroz ou variantes.
 - 4º. Empanada de chocos con fariña triga.
 - 5º. Empanada de chocos con fariña milla e outras.
 - 6º. Mellor presentación da empanada ou prato de choco.
 - 7º. Sobremesas con choco.
5. O ditame do xurado é inapelable.
6. As persoas participantes no concurso de pratos culinarios e empanadas de choco deberán comparecer na citada mesa de degustación o domingo 13 de maio ás 11.30 horas para as empanadas, e ás 13.00 horas para os pratos culinarios. Prégase puntualidade.
7. Outorgaranse diplomas acreditativos ás persoas gañadoras.
8. Nos pratos culinarios e empanadas de choco que se presenten ao concurso non poderá figurar lenda ningunha alusiva ao concursante.

ACTIVIDADES

Sábado 12 de Maio

- 12:00 h. Lanzamento de bombas de palenque anunciando o comezo da festa.
- 12:15 h. Pasarrúas a cargo do **Grupo de Gaitas ASUBÍOS** de Cedeira - Redondela.
- 12:30 h. Apertura dos postos para a **DEGUSTACIÓN DOS PRATOS E EMPANADAS DE CHOCO**.
- 17:00 h. **Charanga VAIDEBAILE** e de seguido, actuación no recinto da Festa do Choco.
- 22:00 h. Comezo da verbena amenizada polas orquestras:

ORQUESTA ATLANTA e GRUPO QUINTA AVENIDA



XXVI Festa do Choco

Domingo 13 de Maio

- 10:00 h. Lanzamento de bombas de palenque anunciando a festa.
- 10:15 h. Pasarrúas a cargo da **Banda de Música MUNICIPAL DE REDONDELA**.
- 11:00 h. Actuación do grupo folclórico galego **NOSA TERRA** de Pereiras - Mos.
- 12:00 h. Feira de Artesanía.
- 12:30 h. Lectura do Pregón da Festa, no recinto habilitado á mesma, a cargo de **JOSÉ RAMÓN GAYOSO**, presentador do programa **"LUAR"** da TVG.
- 13:00 h. Concurso de degustación dos pratos culinarios.
- 18:00 h. Comezo da verbena amenizada por:
CHARANGA VACA PINTA
- 19:00 h. Concerto de música popular a cargo da **Banda de Música MUNICIPAL DE REDONDELA** no recinto da Casa da Torre- Residencia Peregrinos.
- 19:00 h. Comezo da verbena amenizada por:
GRUPO ALCOTÁN
- 21:00 h. Entrega de Diplomas, na verbena, ós gañadores da degustación de empanadas e pratos culinarios do Choco.

Luns 14 de Maio

FESTA DO NENO

- 17:00 h. Comezo das atraccións e carruseis instalados no recinto de costume nesta festa, con prezos populares para os nenos.